



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
XUNTANZA EXTRAORDINARIA 25 DE SETEMBRO DE 2013

ORDE DO DÍA

1.- Orzamentos participativos

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día vinte e cinco de setembro de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Adelina Couñago Lara, representante do PP
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
- José Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- Ana Pazos Castellano, representante das asociacións veciñais
- Pilar Bouzas Novas, representante das asociacións veciñais
- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións veciñais
- Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Xosé Covelo Míguez, representante das asociacións culturais
- Xosé Costas Carrera, representante das asociacións culturais
- Manuel Costas Pérez, representante das asociacións deportivas
- Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, e asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza extraordinaria do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- Orzamentos participativos

Xosé Covelo Míguez informa que houbo unha xuntanza coa maioría dos colectivos que integran o Consello Parroquial e elaborouse unha listaxe de posibles inversións na que se introduxeron as peticións que se viñeron realizando nos Consellos Parroquiais e algunha pequena novidade.

Adelina Couñago Lara pregunta porque non se contou con ela para a xuntanza que se fixo para os orzamentos participativos, xa que forma parte do Consello Parroquial. Deste xeito parece que ven ao Consello Parroquial para nada.



CONCELLO DE REDONDELA

Xosé Covelo Míguez di que se seguiu a mesma actuación que con outros Consellos Parroquiais, é dicir, antes de ter a xuntanza do Consello os colectivos veciñais reúnen para tratar a orde do día.

Anxo Lusquiños López di que non lle parece ben que non se contara cos representantes políticos neste tema tan importante para a parroquia, xa que así non poden opinar porque non coñece as propostas polo que se tería que abster.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que como representantes políticos teñen voz e voto no Consello Parroquial. Os partidos políticos teñen outros mecanismos para propor actuacións como é no Pleno do Concello. Nas súas intervencións neste Consello Parroquial segue a postura do seu partido, como xa fixo noutras xuntanzas como na que veu o Deputado Alberto Pazos Couñago a tratar o tema da AP-9.

Manuel Freire Collazo di que na xuntanza que convocou o Alcalde xa se sabía que se ían celebrar os Consellos Parroquiais para este tema.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que os orzamentos participativos presentan problemas porque xa se meteron nos orzamentos municipais con calzador e faltaba un modelo para a súa execución, polo que para arrancar hai que pasar de 0 a 100, senon non saen para adiante.

Alberto Couñago Castellano di que os colectivos na xuntanza que se mantivo piden o mellor para a parroquia e se os partidos políticos non están de acordo coas propostas que voten en contra.

O Presidente di que os partidos políticos no Consello Parroquial están a sumar polo que insta a que se realicen as propostas e se efectúe a votación para a súa aprobación.

Xosé Covelo Míguez di que os colectivos veciñais, na xuntanza que mantiveron, propuxeron as seguintes inversións pola seguinte orde de preferencia:

1.- Coa finalidade de por cinco paneis informativos en cada barrio da parroquia do Viso, e tendo en conta que nalgún barrio xa hai algúns colocados, solicítanse **16 paneis informativos**. Achegan dous orzamentos: un da empresa Talleres Martínez – Quintela, S.L. de data 23.09.2013 polo importe de 117,00 euros por panel e outro de data 25.09.2013 da empresa Roberycar polo importe de 1.988,21 euros, IVE incluído (incorpóranse á acta).

2.- A instalación de **puntos de luz** no tramo debaixo do cemiterio e na Estrada da Nogueiriña. Achegan orzamento de data 25.09.2013 da empresa Moncosa OHS, S.A. polo importe de 8.201,50 euros, IVE incluído (incorpórase á acta).



CONCELLO DE REDONDELA

3.- Cambiar **canalóns no local do Prescolar**. Achegan orzamento de data 03.04.2013 da empresa Marcos García Gallego polo importe de 839,50 euros, IVE incluído (incorpórase á acta).

4.- Instalación de **varanda no Parque do Loureiro**. O orzamento queda pendente de entregar no Concello.

5.- **Canalización do camiño da Lomba**, suporía a instalación de 50 metros de tubería. Achegan orzamento de data 24.09.2013 da empresa Antonio Barciela Testa polo importe de 355,74 euros, IVE incluído (incorpórase á acta).

6.- **Acondicionamento do camiño** que está pegado á de "Carpintero", fronte á estrada da subida á Peneda, haberíao que achear e botar asfalto.

7.- Incorporación dun **elemento para adultos en cada parque infantil** da parroquial.

Fernando Veiga Estévez di que nas obras do camiño da Lomba, o Concello podería adquirir os materiais e a veciñanza facer a obra.

Anxo Lusquiños López di que no pasado Consello Parroquial de Ventosela a Presidenta informou que o Concello non permite que a veciñanza realice ningunha obra polos problemas que se poidan derivar por reclamación de danos.

A proposta dos investimentos dos orzamentos participativos é aprobada pola unanimidade das/os membros presentes do Consello Parroquial.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas cincuenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

Aprobada definitivamente no Consello Parroquial do 10/04/2014.

This document was created with Win2PDF available at <http://www.daneprairie.com>.
The unregistered version of Win2PDF is for evaluation or non-commercial use only.